

## Concello de Viveiro

**EXPEDIENTE: 2369/2021**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Jesús Fernández Fernández, en exercicio das funcións de Alcaldía, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número 119, de 28 de maio de 2021, publica a convocatoria do proceso para a selección de persoal laboral temporal mediante a modalidade de contrato laboral eventual por circunstancias da produción, ao amparo do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería Do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de tres peons non incluído no cadro de persoal do Concello.

Vistas as bases xerais e específicas que teñen por obxecto establecer o procedemento de selección a empregos temporais do Concello de Viveiro para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2021.

Vista as bases específicas, relativo aos requisitos dos solicitantes, na que sinala:

#### **“(…)3.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES**

*Os establecidos con carácter xeral nas bases xerais coa titulación esixida para cada posto. Os/as aspirantes seleccionados deberán realizar previamente á súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.*

*De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, se decretará ao aspirante decaído do seu dereito á contratación.*

*Os aspirantes deberán realizar un curso obrigatorio de formación sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais, en caso de non superar dito curso o aspirante quedará decaído do seu dereito á contratación. Viveiro, á data que consta á marxe...”*

Tendo en conta que con data 05 de xullo de 2021, o Tribunal presenta a proposta de selección, na que literalmente dí:

#### **“(…) D) PROPOSTA DE SELECCIÓN (Base Xeral 12)**

*O Tribunal, á vista da lista dos aspirantes seleccionados acorda, formular proposta de selección ante a Alcaldía do Concello de Viveiro a favor de **D. PABLO FERNÁNDEZ DÍAZ, D. MANUEL MONTEIRO MONTEIRO E GIL CABRERA MANZANO** para prestar servizos de peóns no Concello de Viveiro como persoal laboral temporal (modalidade de contrato temporal eventual por circunstancias da produción) ao obter a maior cualificación final.*

#### **E) ORDE DE ASPIRANTES LISTA DE EMPREGO (BASE XERAL 14)**

*O Tribunal establece a orde de aspirantes non seleccionados ao obxecto do sinalado na base 12 e 14.*



## Concello de Viveiro

APELIDOS E NOME	TOTAL
GEADA CASABELLA DIEGO	2,95
CABRERA MANZANO ADOLFO	2,9
BARRERA DIAZ MANUEL MARIA	2,65
GATO ADAMS ELSA CLARA	2,5
PICO CAAVEIRO YOEL	1,5
GONZALEZ SIERRA AITOR	1,436
PEREZ ARENAS AVELINO	0,855
MONTOYA MONTEIRO JOSE ANTONIO	0,5
MONTOYA MONTEIRO VICENTE	0,5
LYON BASANTA ARCADIO JOSE	0

...”

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Citar ao aspirante seleccionados segundo a Base Xeral punto 12 e 13, proposto polo Tribunal, **D. PABLO FERNÁNDEZ DÍAZ, D. MANUEL MONTEIRO MONTEIRO E GIL CABRERA MANZAN** para realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

**SEGUNDO.-** Citar aos seguintes aspirantes da orde da lista de emprego (base xeral 14), **D. DIEGO GEADA CASABELLA e D. ADOLFO CABRERA MANZANO** para realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo, tendo en conta que un dos aspirantes seleccionados consta na proposta do tribunal como seleccionado no posto de peón conductor e nun dos postos de peón.

**TERCEIRO.-** Convocar a **D. PABLO FERNÁNDEZ DÍAZ, D. MANUEL MONTEIRO MONTEIRO GIL CABRERA MANZANO, D. DIEGO GEADA CASABELLA e D. ADOLFO CABRERA MANZANO** para que compareza o día **06 de xullo de 2021 en horario das 10:00 horas, a unidade móbil sita en piscina municipal de Celeiro** a raíz de realizar as probas referidas nos puntos anteriores.

En Viveiro, á data que consta á marxe.

1º Tenente de Alcalde por  
delegación en funcion do decreto  
de data 18-06-2021

Ante mín, A secretaria Xeral, ós efectos do  
artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018

Asdo. Jesús Fernández Fernández

Asdo. María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

